
Escrituras de vendas inmobiliarias na Baiona dos séculos XIII e XIV. Documentación das letras <n̄> e <ll>

XULIÁN MAURE RIVAS

*A Xosé Luis Méndez Ferrín,
cando faltan trinta anos para o centenario
do nacemento de quen segue agasallándonos
coa súa crónica de nós.*

Publicamos no número anterior desta *Revista de Estudos Miñoranos* un documento do ano 1344, que forma parte da colección de escrituras da igrexa de Santa María de Baiona que se gardan no Arquivo Diocesano de Tui. Presentamos agora outros dous documentos que son os máis antigos desa mesma colección. Son dúas escrituras de vendas de casas de Baiona, realizadas nos anos 1274 e 1319. Ademais de documentar o comercio inmobiliario, dan testemuño da varia realidade histórica desta bisbarra de Miñor: topónimos, antropónimos, alcuños, rúas, prezos, moedas, léxico, etc. Servirán tamén estes documentos para tranquilizar aos que pensan que as letras <n̄> e <ll> foron para Galicia unha imposición dos Reis Católicos e senten a obriga de defender o futuro cultural dos galegos a base dos dígrafos de orixe provenzal <nh> e <lh>. Por ser dun interese moi limitado este último tema quedará como un escolio para o final deste traballo.

1.-NOTARIOS GALEGOS

Martín Pérez aparece como “notario del rei en Bayona y en Minor” no documento librado o once de febreiro de 1274. Segundo datos recollidos no TMILG, con ese mesmo nome actúa un notario público na “Cruña” no ano 1282, e no ano 1293 documéntase en catro escrituras de Baiona un notario público chamado tamén Martín Pérez. Dado que se trata de antropónimos moi frecuentes en Galicia, non podemos asegurar que o Martín Pérez que actúa en Baiona nos anos 1274 e 1293 e o que actúa n’a Coruña en 1282 sexan todos a mesma persoa. Pero pódese presumir que, un ou varios, estes notarios públicos do rei son todos eles galegos e redactan os seus documentos en galego. Aínda que menos documentado, podemos dicir o mesmo de Esteuo Martíns, “notario póblico por el rey en Bayona” en 1319. Con este nome tamén se rexistran notarios públicos en Milmanda (ano 1305) e en

Allariz (ano 1311). Hai, pois máis de setecentos anos que en Galicia había notarios galegos que facían as súas escrituras en galego.

2.-SOBRENOMES

Con frecuencia, cando nun mesmo documento aparecen distintas persoas co mesmo nome, faise uso dos alcuños para designar a un deles, posiblemente ao de menor rango social. Na primeira escritura un dos vendedores chámase igual có notario e así aparece designado polo seu sobrenome: “eu Martín Pérez, dito Abellón”. Este alcuño atópase tamén noutra escritura de 1395, nun foro do mosteiro de San Clodio: “asi damos a foro: a nosa vina que chaman dos Abellões que foy de Iohan de San Tome”. Hoxe en día existe no Val Miñor o sobrenome familiar “Abellón”, que podería vir transmitido desde o século XIII.

Na segunda escritura aparecen tres sobrenomes de moi distinta natureza. En primeiro lugar en “Eu Francisco Peres, fillo de Pero Domingues, dito manso,” parece que pode facer referencia a unha característica persoal do pai do vendedor. O segundo sobrenome designa á familia da muller do comprador: “vendo a uós, Johán Fernandes, dito do Anes, mercador de Bayona, et a uossa moller, Tareiga Anes”. Por último, entre as testemuñas cítase a “Pero Eanes, dito choupeyro”. A palabra “choupeiro” pode derivar do verbo “choupar” (batuxar na auga) ou do substantivo “choupa” (tipo de cefalópodo). Dado que Ríos Panisse (1977, 76) recolle para este cefalópodo en Cangas, Bouzas e Panxón o nome de *polbo cabesudo* e a forma *choupa* máis próxima está rexistrada en Cedeira, é posible que o alcuño deste mariñeiro de Baiona teña máis relación co verbo choupar. O Gran Dicionario Xerais da Lingua define a entrada *choupeiro* como “persoa que voga mal e molla os acompañantes”. Este alcuño estaría baseado nun defecto máis ou menos festivo do seu titular. Pero cabe a posibilidade de que se trate dun sobrenome de oficio sinónimo de polbeiro.

3.-RÚAS

A localización dos inmobles facíase citando o lugar e as estremas. Na primeira escritura trátase dunha casa de Baiona, sita na rúa de Ceta, onde moran os zapateiros. As estremas desta propiedade urbana son os seus veciños: “A qual casa está entre a casa que foy de Fernán Ferreiro et entre a casa que foy de Johán Romão”.

A casa que se vende no segundo documento está tamén en Baiona e no lugar de Çeta, “alí u chaman a[s] Lageas”. Os lindeiros son a casa dun veciño e un camiño: “a qual cassa a iazença a par da cassa que foy de Gonçaluo Martíns et de María Anes’, et da outra parte polla asinaga”.

Trátase de escrituras das vendas de dúas casas que probablemente máis tarde pasaron a propiedade da igrexa de Santa María de Baiona, pois estas escrituras forman parte do patrimonio documental desta institución; e, supoñendo que a Lageas estaba onde a actual rúa Laxe, as casas quedaban moi próximas á dita igrexa.

4.-LÉXICO

Estes documentos, con sete centos anos de vida, son en gran parte comprensibles aínda hoxe. Así a todo conteñen algunhas palabras que caeron no esquecemento por falta de uso. Para facilitar a lectura aos non espertos no léxico medieval, ofrecemos un breve vocabulario coas palabras que poden resultar máis estrañas.


Asinaga ou aziñaga.- Rúa estreita. Ver Machado s. v. *azinhaga*. Boas.- Como substantivo plural é sinónimo de *bens*. Coomía.- Derivado do latín *calumnia*. Imputación falsa. En senbra.- Conxuntamente. Iazença.- Derivado do verbo *iazer*. “Ha iazença”, ten iazenza, que xace, que está situado. Iur.- Dereito. Peyte.- Pague. Reuor.- Forza ou valor legal. Rouora ou revora.- Pequeno presente para pechar unha venda ou trato. Uoz ou voz.- Representante que ten poder legal. Yxido ou eixido.- Lugar pequeno ao pé da casa. Saído.

5.-NORMAS DE TRANSCRICIÓN E LECTURA

Para unha cómoda lectura dos textos é conveniente ter presente os seguintes criterios de transcripción.

- As maiúsculas e minúsculas obedecen ás normas do sistema gráfico actual. O mesmo vale para o uso de acentos e puntuación.
- Hai palabras que levan supraescrito un ‘ como en «vna» ou en «mill». Indica que no orixinal manuscrito leva un til, signo xeral de abreviación, que non ten correspondencia fonética.
- O dígrafo <ll> pode corresponder tanto ao fonema palatal /ʎ/, que aparece nas palabras «abellón» ou «fillo», como ao fonema /l/ das palabras «aquella» ou «polla», que se deben ler “aquela” e “pola”. Así mesmo o grafema <l> pode representar tamén o fonema /ʎ/ como na palabra «fila», que lemos “filla”.
- As palabras abreviadas transcríbense na súa forma plena, indicando en *cursiva* as letras abreviadas. Así a palabra «not^o» transcríbese como *notario*.
- Cando o til de nasalidade <~> vai sobre unha vocal con valor de nasal implosiva, transcríbese cun *n* en letra cursiva; por exemplo, «chamã» ou «mãdado» transcríbense *chaman* e *mandado*.
- Respéctanse os dobres usos dos grafemas <u> e <i>, cos seus valores de vocais e consoantes. Así atopamos «uos ou uertentes» que hoxe escribiríamos con <v> «vos ou vertentes», e tamén «ia» que na ortografía actual leva o grafema <x> «xa».
- O son nasal palatal [ɲ], que hoxe representamos co grafema <ñ>, xa estaba presente en palabras como «Marina, estrayna, señor, mña, Aluarino, Minor ou Miñor» que hoxe coñecemos por Mariña, estraña, señor, miña, Albariño ou Miñor. Ver o escolio deste artigo sobre as grafías <ñ> e <ll>.

En xeral seguimos as normas de transcripción de uso máis frecuente nos documentos galegos, publicadas polo profesor Ramón Lorenzo (1988).



DOCUMENTO 1. (Arquivo da Catedral de Tui: Doc. Baiona, 36).

DOCUMENTOS

1

BAIONA, 1274, 11 DE FEBREIRO

VENDA DUNHA CASA, SITA NA RÚA DE CETA DE BAIONA POR TRINTA E UNHA LIBRAS E MÁIS UN XANTAR DE ROBORA FEITA POR MARTÍN PERES, CHAMADO ABELLÓN, COA SÚA MULLER E FILLA.

ACT: Doc. Baiona 36

Sabam quantos esta carta uiren que eu Martín Pérez, dito Abellón, en senbra con miña moljer, M^a Pérez, et eu^m Marina Martinz, fila desse Martín Pérez, a vós Domingo Ioanes et a uosa moljer Marina Eanes vendemos et^m por ia senpre outorgamos vna^l nossa casa que auemos en Bayona ena \rúa/ de Ceta ú moran os^m çapateyros, con seu yxido todo et con todas sas perteenças de dentro et de fora. A qual casa está^m entre a casa que foy de Fernán Ferreiro et entre a casa que foy de Johán Romãao. Damos a uós^m a dita casa por preçõ numeado que a nós et a uós aprougue; conuén a saber, trijnta et una^l libra^m de diñeiros brancos alfonsís, et uun^l iantar de rouora, de que nós somos ben pagados sen nenhũa^m contradición. Con a qual casa uos deuemos anparar de toda coomia por nós et por todas nossas^m boas, mouil et rayz. Et ayades uós et uossa uoz a dauandita casa et pusuádela des aquí em^m deante de iur et de poder ata que o mundo seya estauil. Maiys se alguén ueer,^m assi da nossa parte como da estrayna, que contra esta carta quiser pasar, seya [maldito] et quanto

demandar¹¹¹ tanto a uós dobre, et ao señor da terra por pea peyte C maravedís et a carta fique en súa¹¹² reuor. Feyta a carta XI días de feureiro ena era de mill' et CCC et XII anos.¹¹³ Que presentes foron Johán Fernandes de Camoes, Johán da Veyga et Jãa Aluarino desse logar, Martí¹¹⁴ Anes de Camesella¹¹⁵

Eu Martí Pérez, notario del Rey en Bayona et en Minor per rogo et con outorgamento das partes¹¹⁶ fuy presente, esta carta escriuí et meu sinal y pugi. Et escriuí enos tres regloes u diz rúa.¹¹⁷

2


BAIONA, 1319, 9 DE ABRIL

VENDA DUNHA CASA DA RÚA DE ÇETA EN BAIONA, FEITA POR MARÍA MARTÍNS E O SEU FILLO FRANCISCO PERES A JOHAN FERNANDES E Á SÚA MULLER TAREIGA ANES, POLO PREZO DE CATROCENTAS LIBRAS.

ACT: Doc. Baiona 46

Sabiam quantos esta carta viren que eu Françisco Peres, fillo de Pero Domingues, dito¹¹¹ manso, mercador que foy de Bayona, et de María Martíns, que está pressente' et outorga¹¹²nte, et per mandado da dita miña madre, vendo a uós, Johán Fernandes, dito do¹¹³ Anes, mercador de Bayona, et a uossa moller, Tareiga Anes, et a toda¹¹⁴ uossa uoz, para todo senpre ia mays, aquella miña cassa que orra eu ey en¹¹⁵ Bayona, no [lu]gar que chaman Çeta, alí u chaman a[*s*] Lageas, a qual cassa a mī¹¹⁶ foy dada en cassamento do dito meu padre et miña madre, a qual cassa¹¹⁷ foy de meu auoo' Martín de Burgeyra, a qual cassa a iazença a par¹¹⁸ da cassa que foy de Gonçaluo Martíns et de María Anes', et da outra parte polla¹¹⁹ asinaga, por preço nomeado que a mī et a uós aprouge, conuén a saber¹²⁰ quatro çentas libras pequenas en prata, que por ende a mī destes con rouora que a¹²¹ mī et a uós aprouge, et do preço nen da rouora non ficou nada por dar¹²² nen por pagar; et aiades uós a dita cassa de jur et de poder, en quanto¹²³ o mundo for, con todas súas entradas et saídas et con todas súas per¹²⁴teñas de dentro et de fora et con seu tereo et tella et madeyra et con¹²⁵ seu çeo et con súas agoas uertentes. Et aiades uós et toda uossa uoz¹²⁶ a dita cassa como' dito he, de jur et de poder, en quanto o mundo for. Et sse¹²⁷ algén da mīa parte ou da estraña contra esta vendiçón quiser viir a con¹²⁸ronpella, non possa et aian a yra de deus et a miña maldiçón, et querendo de¹²⁹ mandar, tanto a uós dobre, et ao señor da tera por pea peyte dous mill' maravedís et súa demanda non valla. Et eu, sobre dita María Martíns, outorgo esta¹³⁰ venda et obrigo todos meus bēes a enpararuos con elles a todo tempo de¹³¹ quen quer que uolla demandasse et spicialmente de todos meus fillos¹³² so pea de dous mill' maravedís; et eu Françisco Peres outrossy obrigo todos meus¹³³ bēs a enpararuos con esta uenda. Feyta a carta en Bayona de¹³⁴ Mīor, noue días d'abril, era de mill' et CCC et cinquenta et sete anos'. Testemuñas:¹³⁵ Fernán Gonçalues, Pero Eanes, dito choupeyro, pescadores et Domígo Johanes de¹³⁶ Marán, morador en Angiaas', et outros.¹³⁷

Eu, Esteuo Martíns, notario póblico por el rey en Bayona a esto pressente foi¹³⁸ et esta carta escriuí et meu sinal y pugi que est atal.



DOCUMENTO 2. (Arquivo da Catedral de Tui: Doc. Baiona, 46). Falta a palabra "maldito" no orixinal por erro do escribán.

ESCOLIO SOBRE AS GRAFÍAS <Ñ> E <LL>


A información que segue pode ter algunha utilidade para aqueles que chegaron a unha práctica das grafías <nh> <lh> convencidos de que as formas <ñ> e <ll> eran unha manifestación máis de represión lingüística padecida en Galicia. Para os que padecen militancia ortográfica e converteron a ortografía, un instrumento de comunicación colectivo, nunha especie de sistema de graffitis para reforzar a identidade do seu grupo ou manter a súa presenza social, pouco valor pode ter saber que o que rexeitan como alleo naceu hai máis de setecentos anos nesta nosa terra.

Estamos diante das escrituras de vendas inmobiliarias máis antigas que se conservan de Baiona de Miñor. Estes documentos conteñen unha proba de que as letras <ñ> e <ll> xa se usaban en Galicia antes de que o rei de Portugal D. Denis (1279-1325) dese un pulo definitivo á oficialización do portugués, consagrando o uso dos dígrafos <nh> e <lh> que o seu antecesor Afonso III (1248-1279), chamado o Bolonhês, importara do sistema gráfico provenzal para a chancelaría de Lisboa.

Como explican os manuais de filoloxía románica, cando se empezaron a escribir as linguas neo-románicas, os escribáns tiveron que buscar signos novos para representar aqueles sons que non existían en latín. Cada lingua, mellor, cada centro de produción de textos –mosteiros ou chancelarías– foron na práctica proponendo solucións durante séculos, propostas que tardaron en aceptarse a veces máis alá das gramáticas do Renacemento. Dado que a palatalización foi o resultado de distintos procesos, os escribáns tenderon a escoller unha solución gráfica con criterio etimolóxico e por analogía aplicaron a mesma ao resto dos casos.

Do latín *senior-em* consérvase hoxe o dígrafo <ny> no catalán “senyor”; pero a maioría das escrituras romances usan o dígrafo <gn> orixinario doutro grupo consonántico que tamén palatalizou e así temos “signore”, “seigneur”, “signó” ou “sgnóur” propios respectivamente do italiano, francés, napolitano ou rumano. En Portugués úsase desde o último terzo do século XIII a solución provenzal <nh> en “senhor”, e en galego o grafema derivado do latino <n> máis o signo xeral de abreviación <n> que coñecemos como <ñ> na tipografía actual, a así escribimos “señor”.

Como se pode ver na reprodución dun texto latino, escrito en Santiago o oito de xaneiro de 1213, o uso do signo xeral de abreviación era moi frecuente e polivalente.




Este sintagma “*hanc meam donacionis carta*” debe transcribirse de forma plena: “*hanc meam donacionis cartam*”. Queda claro que neste texto latino, escrito en Galicia no século XIII, o signo xeral de abreviación <—> representa os distintos grafemas <n>, <e>, <i> ou <m>.

Nos dous documentos de Baiona pódese constatar que a finais do XIII e comezos do XIV as formas *mīa* e *miñā*, derivadas da forma latina *mā*, son os primeiros antecedentes do grafema <n̄>, escritos na letra gótica cursiva usual en Galicia.




... da mīa parte ou da estrañ (doc. 2, l. 18).





... a miñā cassa q̄ orra eu ey en ...
 u chamñā a Lageas a qual cassa a mī...
 ... padre et miñā madre, a qual cassa...
 (doc. 2, 5-7).

De maneira semellante se documenta o uso do <ll> para representar o novo fonema do romance galego /ʎ/.



... Marñ Peres dito Abellón en senbra...
 ... Domingo loñ et a uosa mo+ler (doc. 1, 1-2).



Nestes tres fragmentos podemos ver a evolución da representación gráfica do fonema /ʎ/. As palabras latinas FILIU e MULIERE foron escritas nos primeiros textos galegos como “filio” e “mulier” de maneira que o dígrafo representaba o novo son palatal que hoxe recoñecemos como [eʎe] “elle”. Pero pronto se acudiu ao signo xeral de abreviación [—] ou [—] para marcar tanto o simple como o <ll> xeminado. Resulta significativo que no documento de 1274 apareza a palabra “abellón” sen ningún til. Era un alcuño popular que non tiña tradición ortográfica como tiña a palabra “molier” que aparece tildada no mesmo documento. O resultado definitivo do dígrafo <ll> tivo sen dúbida unha base etimolóxica no dativo latino do pronome de terceira persoa ILLI, que deu a forma palatalizada “lle”. Así mesmo, como recordaba hai vinte e cinco anos o profesor Veiga Arias (1983: 52 e 236), “no caso do ll hai que admitir que o seu uso está etimoloxicamente condicionado na serie innúmera de topónimos e patronímicos do tipo *Marcelle, Lobelle, Baoncelle*, que remontan a antigos xenitivos: *Marcelli, Lupelli, Baroncelli...”

Que estas grafías son as propias do galego medieval vén confirmado polos mesmos documentos de orixe portuguesa anteriores á importación do sistema provenzal, pasada a metade do século XIII. No testamento de Afonso II en 1214 podemos ler nas primeiras liñas: “*mia molier raina dona Orraca e de me(us) filios*”. Esta grafía semellante á usada nos documentos galegos, pero con ausencia do signo xeral de abreviación, e cun peso importante da escrita latina, será transformada en breve tempo pola influencia do provenzal imposto desde a Chancelaría centralista de Lisboa. Medio século máis tarde o fragmento do testamento do rei Afonso II habería que escribilo: “minha molher rainha dono Orraca e de me(us) filhos”. Abrindo as primeiras páxinas do *Album de paleografia* de João José Alves Dias (et al.) recollo algúns casos de uso do signo xeral de abreviación nos documentos portugueses para representar a nasal palatal. Entre parénteses indico o ano do documento e despois de coma a páxina da obra. O posesivo “m̄yā (1255, 5), os substantivos “l̄yō” (1279, 9), “v̄yō (1283, 11) ou “rēyā” (1330, 18). Esta escritura do primitivo portugués está máis próxima á escrita galega “miña, liño, viño ou raíña” de setecentos anos de vida que á escritura importada “minha, linho, vinho ou rainha”.

En resumo, podemos constatar nestes documentos galegos de 1274 e 1319 o uso do grafema <ll> nas palabras *abellón, fillo, muller, tella e Camesella* e o <n̄> nas palabras *miña e señor* de uso moi frecuente, cando faltaban case dous centos anos para que chegasen os Reis Católicos.

BIBLIOGRAFÍA

- ALVES DIAS, JOÃO JOSÉ: (et al.) (1987) *Album de paleografia*. Lisboa: Editorial Estampa.
- CÁTEDRA DE PALEOGRAFÍA Y DIPLOMÁTICA: (s/d) *Láminas para uso de los alumnos*. Madrid: Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad Complutense.
- DA COSTA, P. AVELINO DE JESUS: (1990) *Álbum de Paleografía e Diplomática Portuguesas. Vol I Estampas*. Coimbra: Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra.
- LORENZO, RAMÓN: (1988) "Normas para a edición de textos medievais galegos" en Dieter Kremer (ed.) *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes, T. VI*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 76-85.
- MACHADO, JOSÉ PEDRO: (1967) *Diccionario etimológico da lingua portuguesa*. Lisboa: Editorial Confluência.
- MAURE RIVAS, XULIÁN: (2006) *Para unha escriptoloxía do Galego. Edición e estudo escriptolóxico do Tombo do Hospital dos Pobres de Tui (1436-1490)*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza/Instituto da Lingua Galega.
- RIESCO, ANGEL (et al.): (1987) *Paleografía y Diplomática* (2 v.). Madrid: UNED.
- RÍOS PANISSE, M^a DEL CARMEN: (1977) *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia I. Invertebrados y peces*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela.
- TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega)*. Universidade de Santiago de Compostela. En <http://ilg.usc.es/tmilg/>
- VEIGA ARIAS, AMABLE: (1983) *Algunas calas en los orígenes del gallego*. Vigo: Galaxia.